

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 31 de xullo de 2017 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 29 de marzo de 2017 pola que convocaron as axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursou ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2016/17.

Mediante a Orde do 29 de marzo de 2017 convocáronse axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2016/17, e aprobáronse as bases desta convocatoria.

De acordo co establecido no artigo 10 desta convocatoria, as solicitudes foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria, a cal acordou a exposición das listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas; as persoas interesadas poderán formular, durante un prazo de 10 días, as reclamacións ou emendar as carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Rematado este prazo, e de acordo co establecido no artigo 12 das bases da convocatoria, e atendendo á proposta elevada pola citada comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Artigo 1

Concederlles axudas de mobilidade complementarias, no marco do programa comunitario Erasmus+, ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia que se relaciona no anexo desta orde e pola contía que se especifica.

As axudas aboaranse na conta bancaria indicada pola persoa interesada, unha vez presentado o anexo II da orde de convocatoria (declaración responsable do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como de estar ao día no cumprimento das obri-



gas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), que poderá presentar ante o Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou ben en calquera dos centros previstos na Lei 29/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dirixido á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Santiago de Compostela.

Artigo 2

O incumprimento total ou parcial, por parte das persoas beneficiarias, de calquera das condicións establecidas na Orde de convocatoria do 29 de marzo de 2017 (DOG do 11 de abril), e nesta orde, constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polas persoas beneficiarias ou solicitantes, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Apelidos	Nome	Centro (orixe)	Contía adjudicada
Agudo Maza	Patricia	EASD Mestre Mateo	748,81 €
Álvarez Rodríguez	Lara	Escola de Conservación e Restauración de BBCC	1.078,28 €



Apellidos	Nome	Centro (orixe)	Contía adxudicada
Blanco Pensado	Jonatan	EASD Pablo Picasso	748,80 €
Borges Diez	Lucas Santiago	ESAD de Galicia	1.078,27 €
Bouzada Salias	María Almendra	CMUS Superior de Vigo	718,85 €
Carballal Muiños	Alba	EASD Pablo Picasso	599,04 €
Castro Galán	Sara	EASD Mestre Mateo	898,56 €
Costa Mariño	Miguel Antonio	CMUS Superior de Vigo	449,29 €
Crispín Pazo	Alba	EASD Antonio Failde	748,80 €
Fernández Agulla	Estefanía	CMUS Superior de Vigo	399,36 €
Ferradás Pérez	Rita	EASD Antonio Failde	748,80 €
Ferreiro Martínez	Estefanía	EASD Pablo Picasso	748,80 €
Garrán Suárez	Inés	EASD Mestre Mateo	319,49 €
González Doldán	Raul	CMUS Superior de A Coruña	1.347,85 €
Hermo Martínez	Iago	CMUS Superior da Coruña	1.078,27 €
Justo Román	Tania	CMUS Superior de Vigo	1.078,27 €
Lois Gómez	Andrea	EASD Pablo Picasso	399,36 €
López Pereira	Juan José	CMUS Superior de Vigo	1.347,85 €
López Picos	Andrea	EASD Pablo Picasso	599,04 €
López Rosales	Andrea	EASD Mestre Mateo	748,80 €
Manson Menéndez	Catrina María	EASD Pablo Picasso	599,04 €
Montenegro Omil	Noemí	EASD Mestre Mateo	449,28 €
Otero Blanco	Tania	CMUS Superior de Vigo	1.078,27 €
Pena Fernández	Sara	EASD Pablo Picasso	399,36 €
Ramilo Oya	Iago	CMUS Superior de Vigo	1.347,85 €
Rodríguez García	Elena	CMUS Superior da Coruña	1.078,27 €
Rouco Blanco	Pablo	CMUS Superior de Vigo	479,23 €
Seoane Sesar	Diego	CMUS Superior da Coruña	718,86 €
Sío Alonso	Patricia	CMUS Superior de Vigo	1.347,84 €
Suerio Iglesias	Inés	EASD Mestre Mateo	319,49 €
Suerio Iglesias	Inés	EASD Mestre Mateo	299,52 €
Velo Pérez	Sara	EASD Mestre Mateo	599,04 €
Vicente Martínez	Lucía	CMUS Superior da Coruña	399,36 €
			25.000,00 €

